



## **PREGUNTAS FRECUENTES – Complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora.**

### **1. ¿Quén pode solicitar o complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora?**

Os profesores funcionarios e contratados doutores pertencentes ao Sistema Universitario de Galicia.

### **2.- ¿Existe un período mínimo de actividade docente e/ou investigadora para poder solicitar este complemento?**

**SI.** O solicitante debe ter recoñecidos dous quinquenios de docencia por parte das universidades públicas e un sexenio de investigación pola *Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora*.

### **3. ¿Cales son os prazos para a presentación das solicitudes?**

O prazo para a presentación de solicitudes será o que se estableza na convocatoria e contarase dende o día seguinte ó da publicación da correspondente resolución no Diario Oficial de Galicia.

### **4. ¿Pódense presentar as solicitudes telematicamente?**

As solicitudes poderán cumprimentarse telematicamente a través da web [www.acsug.es](http://www.acsug.es). Non obstante, unha vez cuberta, a solicitude deberá imprimirse (anexo III e IV da convocatoria) e presentarse ante os rexistros relacionados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídicos das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como nos rexistros de calquera das universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia. **Non obstante, a efectos de axilizar a tramitación das solicitudes, recoméndase a presentación ante os rexistros das Universidades.**

### **5.- ¿Cál e a documentación que debo aportar?**

Unicamente deben xustificarse os méritos alegados para a avaliación adicional, seis correspondentes a méritos docentes e seis correspondentes actividades de investigación.

A xustificación de cada mérito debe sela necesaria para permitir avaliar adecuadamente a calidade do mérito aportado e dependerá do tipo de mérito que se aporta.

**6.- ¿Debo solicitar certificado á Universidade dos méritos alegados?**

NON é precisa a xustificación dos méritos correspondentes ás Universidades do SUG a través de certificado oficial da Universidade (pero sí é precisa a xustificación por calquera outro medio). Non obstante, no caso de que os méritos non podan ser certificados pola Universidade á que pertenza o solicitante, si deberán ser xustificadas mediante certificado da institución responsable da correspondente actividade.

**7.- ¿Debo xustificar a concesión de quinquenios e sexenios?**

NON. As Universidades certificarán, a petición da ACSUG, que os datos reflectidos na solicitude son certos.

**8.- ¿A documentación debe aportarse obrigatoriamente en papel acompañado á solicitude?.**

NON. No caso en que a presentación da documentación se efectúe telematicamente xuntando copia dixital (preferentemente en pdf) da xustificación do mérito, non será necesario presentar copia en papel. Polo tanto, cómpre que no momento de xerar a instancia se comprobe que no borrador aparecen reflectidos os nomes dos documentos dixitais que se remitiron telematicamente. No caso de que non aparezan na instancia, deben reenviarse telematicamente ou incluír unha copia en papel dos mesmos xunto á solicitude. Isto tamén é de aplicación en relación co DNI, si se remite unha copia dixital do mesmo non é preciso remitir copia en papel.

**9. ¿As copias da documentación que se aportan coa solicitude e anexo, teñen que estar compulsadas?**

NON é necesario que as copias que se presenten estean compulsadas, recomendándose a presentación telemática dos méritos. Ademais, na solicitude a persoa firma unha declaración responsable da veracidade dos datos e de toda a documentación aportada e asume, no caso contrario, as consecuencias que se deriven das inexactitudes que consten.

Por outro lado, a Axencia poderá requirir do solicitante a xustificación de datos por el consignados así como, previa autorización, comprobar os devanditos datos directamente ante as institucións de referencia.

**10. ¿Que anos se van a avaliar en cada convocatoria?**

Avaliaranse os méritos acadados durante os últimos 5 anos naturais PREVIOS Á SOLICITUDE. Non obstante, na primeira solicitude poderanse alegar tódolos quinquenios de méritos docentes e sexenios de méritos de investigación acadados, de xeito que se consoliden na avaliación básica e en sucesivas convocatorias unicamente terán que alegarse os concedidos no seguinte período avaliable.

**11. ¿Qué ocorre si durante o período avaliable tiven un permiso maternal/paternal?**

Nese caso, e sempre que se xustifique o goce do permiso por maternidade ou paternidade, poderanse incorporar méritos realizados nun período de idéntica duración ao do referido permiso e inmediatamente antes ao avaliado. Por exemplo: Se gocei de 4 meses de permiso por maternidade/paternidade, e me están tendo en conta os méritos quinquenais do período 2004-2008, poderei incorporar méritos realizados durante os meses de setembro a decembro do 2003.

**12. ¿Que formato debe ter o currículo aportado?**

O currículo pódese aportar en calquera dos formatos dispoñibles, ANEP, DXIDI, etc. Sen embargo, tendo en conta que a avaliación adicional se realiza sobre méritos docentes e investigadores, é importante comprobar que o currículo enviado inclúe a formación docente e o desempeño da actividade docente, con actividades e adicacións.

**13.- ¿Cantos méritos e de que tipo se poden presentar?**

Para efectuar a avaliación adicional se terán en conta un máximo de 6 méritos en cada uno dos apartados: docente e investigador (neste último caso, ademais aplicarase un máximo de 4 correspondentes ao apartado de actividade investigadora e un máximo de 4 no de transferencia e divulgación do coñecemento). Na avaliación e na valoración final se terá en conta a calidade e a importancia dos méritos alegados, polo que, nin a presentación de menos de 6 méritos implica unha avaliación negativa nin, a sensu contrario, a presentación de 6 méritos en cada apartado implica a obtención da máxima puntuación.

**14.- ¿Cántos tramos poden obterse?**

O número máximo de tramos será de 14, dos cales, 9 serán resultado da valoración básica e 5 da adicional.

**15.- No caso de concesión da avaliación positiva e asignación do complemento pola correspondente Universidade, ¿debo volver a solicitalo en anos sucesivos?**

Se ben os tramos acadados na valoración básica son consolidables, os correspondentes á valoración adicional caducan ós cinco anos, polo que transcorrido o devandito período, deberá presentarse nova solicitude de avaliación se quere seguir percibindo a retribución económica correspondente a esta parte do complemento.

**16.- ¿Teño que esperar obrigatoriamente 5 anos para poder presentarme a unha nova convocatoria destes complementos retributivos?**

NON. Existe a posibilidade de presentar unha nova solicitude de reavaliación, transcorridos un mínimo de 3 anos dende a obtención da anterior. Neste caso, será requisito indispensable a adquisición, no devandito período, de novos méritos alegables como puntuación básica (é dicir, ter obtido un novo quinquenio de docencia ou sexenio de investigación).

**17.- ¿Qué efectos ten o sometemento a unha reavaliación transcorridos tres ou catro anos dende a primeira convocatoria á que me presenteí?**

a) En primeiro lugar, isto suporá someter todo o seu expediente a unha nova avaliación (básica e adicional).

b) Como consecuencia do anterior, deberá presentar os méritos que considere apropiados para ser avaliados (méritos docentes e méritos de investigación) pertencentes ao período de 5 anos que se recolle na convocatoria.

c) De non presentar ningún mérito relativo á valoración adicional pero si á puntuación básica, a ACSUG considerará igualmente e a tódolos efectos que está solicitando unha reavaliación do seu expediente. Nese caso, sumará puntuación na parte consolidable pero a súa puntuación adicional será de 0 puntos, perdendo polo tanto a puntuación que lle foi outorgada na anterior convocatoria.

**18.- ¿Cando me podo volver a presentar tras unha reavaliación?**

Se se presentase a unha reavaliación do expediente, comezará un novo ciclo de 3 anos como mínimo ou 5 anos como máximo.